


Francisco Llorens, pintor das Mariñas  
Rutas turístico-culturais



Ruta do  
**Impresionismo**  
das Mariñas




D.L.: C 1463-2017

# Francisco Llorens, pintor das Mariñas

## Rutas turístico-culturais



Ruta do **Impresionismo**  
das Mariñas



O Consorcio As Mariñas, no marco do Convenio de Colaboración asinado coa Axencia de Turismo de Galicia, pon en marcha catro itinerarios turístico-culturais guiados, arredor da figura do pintor Francisco Llorens, artista galego de referencia a escala internacional.

O obxectivo destas rutas guiadas é poñer en valor e divulgar a obra de Francisco Llorens e a súa identificación como “o pintor das Mariñas”, así como difundir o patrimonio natural, etnográfico e arquitectónico deste xeodestino. Percorrerán aqueles lugares que o pintor plasmou nas súas obras, que dalgún xeito o inspiraron ou formaron parte da súa traxectoria vital.

## Ruta 1. Percorrido turístico por Betanzos

Percorrido guiado a pé por Betanzos, onde o pintor residiu practicamente durante un ano. Partindo da Praza dos Irmáns García Naveira, farase un traxecto guiado centrado naqueles puntos que lle serviron de inspiración a Llorens para algunhas das súas obras. A visita rematará cunha cea-degustación de produtos locais.

**LUGAR:** Betanzos

**PUNTO DE ENCONTRO:**

Praza dos Irmáns García Naveira, Betanzos  
(fonte de Diana Cazadora)

**HORA:** 19.00-20.30 h

**DATAS:** 22 e 29 de setembro  
20 de outubro

**PREZO:** 15 €/ persoa



## Ruta 2. Percorrido turístico en autocar polas Mariñas

Este percorrido circular en autocar levaranos polas paisaxes que Llorens plasmou nalgúns dos seus cadros máis famosos. Esta ruta poñerá de manifesto a súa especial relación con estas paisaxes das *Mariñas* que cobran unha importancia transcendental na súa obra, sobre todo as perspectivas costeiras, converténdoo nun dos paisaxistas de referencia na historia da arte do século XX en Galicia.

**LUGAR:** Bergondo, Sada e Oleiros

**PUNTO DE ENCONTRO:**

Casa da Cultura Pintor Llorens, Sada

**HORA:** 11.00-14.00 h

**DATAS:** 28 de outubro  
11 de novembro  
2 de decembro

**PREZO:** 18 €/ persoa



## Ruta 3. O modernismo na Coruña e a súa contorna

Este itinerario combina unha visita a pé pola Coruña modernista, cidade natal do pintor Francisco Llorens, cun percorrido guiado en autocar por algúns lugares das *Mariñas*, para centrar a atención do visitante na irrupción deste renovador estilo arquitectónico de finais do século XIX e principios do XX na bisbarra. Este percorrido permitirá coñecer aqueles edificios modernistas máis emblemáticos da cidade, desde a Praza de María Pita ata a contorna da Praza de Lugo. A visita inclúe xantar na Coruña.

**LUGAR:** A Coruña cidade, Oleiros e Sada.

**PUNTO DE ENCONTRO:** Praza de María Pita, A Coruña  
(monumento a María Pita)

**HORA:** 11.00-14.00h Visita a pé pola Coruña  
14.00-16.00h Comida

16.00-19.00h Visita en autocar polas Mariñas

**DATAS:** 23 de setembro  
21 de outubro  
4 de novembro

**PREZO:** 28 €/ persoa



Fotos: Banco de Imaxes Consorcio As Mariñas, Xurxo Lobato

## Ruta 4. Llorens e as súas paisaxes das Mariñas do interior

Percorrido guiado en autocar por algúns dos lugares do interior da bisbarra das *Mariñas*: Carral, Culleredo e Cambre, onde Llorens recrea a paisaxe en todo o seu esplendor cromático, e cuxos pazos e casais serán fonte de inspiración constante na súa obra.

**LUGAR:** Carral, Culleredo e Cambre.

**PUNTO DE ENCONTRO/SAÍDA:**

Praza de Ourense, A Coruña

**HORA:** 11.00-14.00 h

**DATAS:** 27 de outubro  
18 y 25 novembro

**PREZO:** 18 €/ persoa



### INSCRIPCIÓN

En todas as rutas é necesaria inscrición previa a través dos seguintes medios:

**OFICINAS VIAJES PACO: A Coruña:** R/ Juan Flórez, 32 **Ferrol:** R/ Tierra, 15-19

Teléfono: 981 126 021 - 698 18 17 17 · Correo electrónico: info@icegalicia.com

PAZAS LIMITADAS

**ORGANIZACIÓN TÉCNICA:** ICE GALICIA, S.L. R/ Tierra, 15-19. Ferrol